

**GLORIETA NA INTERSECCIÓN  
DA AC-862 COA AC-115 EN XUBIA**

**CLAVE: AC/23/151.06**

## 1. Obxecto da Actuación

O obxecto do proxecto é a creación dunha glorieta na confluencia das estradas AC-862 e AC-115, aproximadamente no punto quilométrico (PP.QQ.) 7+300 da estrada AC-862, no concello de Neda (A Coruña).

## 2. Plan de Estradas

A estrada AC-862 é unha estrada Convencional que pertence a Rede Estructurante de Estradas da Xunta de Galicia, e discorre dende o límite do concello de Ferrol (FE-14) ata o núcleo de San Cibrao (Lugo). O treito no que se realiza a actuación é o que vai dende o límite do concello de Ferrol ata Doso (AG-64).

A estrada AC-115 é unha estrada Convencional que pertence á Rede Local de Estradas de Galicia, que pasa polos concellos de Fene (N-651) e Neda ata chegar a Xubia (N-862).

## 3. Descrición da Actuación

A actuación consiste na execución dunha glorieta no PP.QQ. 7+300 aproximadamente da estrada AC-862.

## 4. Características técnicas

Seccións tipo dos eixes proxectados:

Eixe	Esquerda			Beiravía mediana	Dereita		
	Exterior	Beiravía	Calzada		Calzada	Beiravía	Exterior
AC-862	Beiravía	Variable (mín. 0,30 m)	3,15 m	Variable	3,15 m	Variable (mín. 0,30 m)	Beiravía
AC-115	Existente	Existente	3,20 m	Variable	3,20 m	Variable (mín. 0,30 m)	Beiravía
Glorieta	Anel inteiror	1,00 m	8,00 m	---	---	Variable (mín. 0,30 m)	Beiravía
Acceso	Beiravía	0,30 m	3,00 m	---	3,00 m	0,30 m	Beiravía

### Firmes e pavimentos

Ampliación da plataforma: 5 cm AC-16 surf BC50/70 S + Rega de adherencia C60B3 TER + 11 cm AC-22 bin BC50/70 S + rega de imprimación C50BF4 IMP + 40 cm de saburra artificial ZA 0/20.

Acceso a rúas locais: 5 cm AC-16 surf BC50/70 + rega de imprimación C50BF4 IMP + 25 cm de saburra artificial ZA 0/20.

Rehabilitación sobre firme existente: Varias casuísticas:

- Nas zonas onde por cota sexa necesario complementar o espesor do firme existente en máis de 15 cm, con respecto a cota inferior da capa de rodadura, executarase unha sección estrutural completa sen a capa de rodadura, cun espesor variable da subbase, adoptando a mesma sección estrutural que no caso de ampliación de plataforma.

- Nas zonas onde por cota sexa necesario complementar cun espesor maior que o da capa de rodadura (5 cm) proxéctase unha regularización do firme con mestura bituminosa AC-22 bin BC50/70 S nun espesor variable entre 6 e 11 cm, e posterior extensión da capa de rodadura.

- Nas zonas onde non exista espesor suficiente entre a rasante existente e a proxectada para executar o espesor completo da capa de rodadura, fresarase o espesor necesario (máximo de 5 cm, obviamente) para proporcionar espazo á devandita capa proxectada.

- Finalmente, en todos os casos: 5 cm AC-16 surf BC 50/70 S + rega de adherencia C60B3 TER

Beirarrúa: loseta hidráulica de 30x30 cm (podotáctil en vaos peonís) + morteiro de asento de 2 cm + formigón HM-20 de 20 cm de espesor.

Espazo pavimentado en illas: bordo tipo C7 + formigón coloreado HF-3,5 de 20 cm de espesor.

Anel interior da glorieta: lastro granítico de dimensións 10x10x10 cm sobre de 2 cm de morteiro de

asento + formigón HM-20 de 20 cm de espesor + entre as bandas rebasables: bordo C9 + no lindeiro co círculo de zona verde: bordo A4 + no círculo interior da glorieta: capa de terra vexetal de espesor variable (mínimo 20 cm) sobre lámina xeotextil e plantación de céspede e fito ornamental.

## 5. Principais Unidades de Obra

Pavimento de loseta hidráulica de 30x30	819,80 m <sup>2</sup>
Betume BC 50/70	34,17 t
Mestura bituminosa en quente AC-16 surf BC50/70 S	438,07 t
tubo PVC corrugado dobre parede Ø=400mm	216,80 m
Fresado de firme por cm de profundidade	16.428,75 m <sup>2</sup>
Mestura bituminosa en quente AC-22 bin BC50/70 S	291,99 t
Saburra artificial ZA 0/20	386,59 m <sup>3</sup>
Demolición por medios mecánicos de firme bituminoso	316,75 m <sup>3</sup>
Pozo de rexistro Ø=1000 mm para tubos ata Ø=600	13,00 ud
Bordo prefabricado bicapa tipo C5	372,00 m
Terraplén ou recheo de préstamo seleccionado	752,14 m <sup>3</sup>
Recrido de arqueta, pozo ou sumidoiro	33,00 ud
tubo PVC corrugado dobre parede Ø=400mm reforzado	41,20 m
Pavimento de formigón HF-3.5	24,04 m <sup>3</sup>
Báculo h=9 m	3,00 ud
Pavimento de lastro prefabricado e=20cm	75,40 m <sup>2</sup>

## 6. Poboación Servida

Neda 4.918 hab.

**TOTAL: 4.918 habitantes.**

## 7. Concellos Afectados

Neda

## 8. Expropiacións

Parcelas afectadas: 1 no concello de Neda (806 m2)

Expropiacións de terreos: 58.517,95 €.

Bens afectados 1.742,95 €

Premio de afección: 3.013,05 €.

Total expropiacións e indemnizacións 63.273,95 €.


## 9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CINCO (5) meses.

## 10. Orzamentos


<b>Orzamento Base de Licitación (c/IVE):</b>	<b>334.473,71 €</b>
<b>Orzamento Vixilancia Ambiental</b>	<b>2.000,00 €</b>
<b>Orzamento de Seguimento e Control Arqueolóxico</b>	<b>2.000,00 €</b>
<b>Orzamento de Expropiacións</b>	<b>63.273,95 €</b>
<b>Orzamento Servizos afectados</b>	<b>3.765,00 €</b>
<b>Orzamento para coñecemento da administración</b>	<b>405.512,66 €</b>

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIÓNS

SECCIÓN DA GLORIETA



SECCIÓN DA AC-862



SECCIÓN DA AC-115

